

GLOSARIO SOBRE MIGRACIÓN, ASILO E REFUXIO

Recompilación de termos de uso común para o apoio a actividades educativas na aula



ACNUR

Organización das Nacións Unidas especializada na atención ás persoas refuxiadas, desprazadas internas, apátridas e retornadas en todo o mundo. O seu mandato é dirixir e coordinar a acción conxunta das distintas organizacións e ONG que traballan para resolver os problemas das persoas refuxiadas e apátridas.

Asilo

Protección que un Estado concede no seu territorio a un individuo fronte á persecución doutro Estado. O asilo concrétese en dous dereitos: o dereito para entrar no territorio do país de acollida e o dereito a non ser obrigado a saír del de maneira forzosa. O asilo supón unha protección duradeira fronte á persecución, indo un paso máis aló que o refuxio, que é unha protección transitoria.

Apátrida

Persoa á que ningún país recoñece a cidadanía. Aínda que segundo a Carta de Dereitos Humanos, toda persoa ten dereito a unha nacionalidade, na práctica hai diferentes situacións que poden provocar a apatria: guerras civís, desaparición de países, decisións gobernamentais, pertenza a minorías perseguidas ou conflito entre lexislacións, por exemplo. Tamén son apátridas os nenos e nenas que non son rexistrados ao nacer. Na actualidade hai varios millóns de apátridas no mundo. Os apátridas son un colectivo moi vulnerable



©DreamWorks SKG

porque a miúdo non se lles recoñecen dereitos básicos, como a educación ou a saúde. Os Estados están obrigados a poñer medidas para reducir os casos de apatria.

Asimilación/segregación/integración

Son distintas formas de entender como debería ser a convivencia entre grupos de diferentes países e costumes nun determinado lugar. A **asimilación** supón que a poboación migrante se adapte totalmente aos costumes do seu lugar de residencia, ata confundirse coa poboación local. A **segregación** leva á separación das persoas de diferentes etnias, culturas ou relixións, de forma que apenas teñen contacto diario entre si. A **integración** propón solucións multiculturais ou interculturais, nas que os distintos grupos se relacionan entre si, mantendo as súas tradicións e sendo tolerantes cos costumes dos demais.



Campo de refuxiados/desprazados

Asentamento humano organizado que agrupa temporalmente a un conxunto de persoas desprazadas forzosamente dos seus Estados de orixe ou de residencia habitual. Nos campos, as persoas refuxiadas ou desprazadas reciben axuda humanitaria internacional (alimentos, acubillo, asistencia médica e psicosocial e educación para os nenos e nenas). Unha alternativa aos campos de refuxiados son as comunidades de acollida, onde as persoas refuxiadas e desprazadas se integran na comunidade local co apoio das autoridades.

Catástrofe

Evento extremo, de orixe natural ou humano, que afecta a un lugar nun momento dado e pode causar danos que desencadeen un proceso de desastre. O desastre defínese como unha perturbación grave do funcionamento da sociedade, que causa grandes perdas humanas, materiais ou ambientais que superan a capacidade da sociedade afectada para afrontala utilizando só os seus propios recursos. Os desastres poden dar lugar a crises humanitarias ou emerxencias, nas que se produce un alto número de migracións forzosas.

Non todas as catástrofes dan lugar a desastres: depende da intensidade da catástrofe (natural ou humana) pero, sobre todo, da situación de vulnerabilidade previa das poboacións afectadas por ela.



Control de fronteiras

Sistema polo que cada país regula a entrada e saída de persoas a través das súas fronteiras. O control de fronteiras depende dos gobernos e implica a participación de diferentes corpos de seguridade, públicos (policía, garda civil) ou privados.

d

Desprazados internos

Son persoas que se ven obrigadas a abandonar os seus fogares e migrar dentro do seu propio país, fuxindo de situacións que poñen en risco as súas vidas ou as das súas familias. Os desastres naturais e os conflitos armados provocan cada ano o desprazamento de miles de persoas, que perden os seus medios de vida e a miúdo teñen que vivir en campamentos de desprazados.



UN Photo/Eskinder Debebe

e

Éxodo rural ou éxodo labrego

Migración de persoas desde o campo á cidade, en procura de novas oportunidades de traballo. Xeralmente prodúcese dentro dun país e protagonízanlo persoas novas e as súas familias. A emigración desde o campo á cidade acelerouse no século XIX coa Revolución Industrial e nalgúns casos provocou despoboamento rural ("pobos pantasma") e sobrepoboación urbana ("cidades dormitorio", "suburbios").



ICAS-SAHP, Fototeca Municipal de Sevilla. Archivo Serrano, 1961. ICAS-SAHP, Fototeca Municipal de Sevilla. Archivo



Factores de empuxe e atracción da migración (push & pull)

Os **factores de empuxe** (push factors) son as circunstancias e sucesos que ocorren no país de orixe e que levan a unha persoa a migrar, voluntaria ou forzosamente. Algúns exemplos serían os conflitos, as crises ambientais, a falta de emprego ou a discriminación cara a determinados grupos sociais.

Os **factores de atracción** (pull factors) danse no país receptor e son aqueles que motivan a unha persoa a querer ir a ese lugar porque cren que alí terán unha vida mellor. Por exemplo, ao facerse maiores e xubilarse, algunhas persoas deciden establecerse en lugares con clima tépedo: neste caso o clima sería un factor de atracción.



Liberdade de circulación/movemento

A Carta de Dereitos Humanos reconece o dereito de todas as persoas a moverse libremente dentro do seu país, así como a saír do seu país e volver en calquera momento. Con todo, non se ampara o dereito de calquera persoa para entrar libremente noutro país que non sexa o seu.

Dependendo do país ao que queiramos ir, necesitamos un documento de identidade vixente, **pasaporte** ou **visado**, declarar o motivo da nosa viaxe (turismo, estudos, traballo, prensa, corpo diplomático, ...) e respectar o tempo máximo de permanencia que nos permitan as autoridades do país. Nalgúns casos, as autoridades denegan o pasaporte a determinados cidadáns nacionais

(como os que fosen previamente deportados ou quen estea en conflito coa lei). Ademais, algúns gobernos prohiben a saída dos seus cidadáns cara a determinados países e, de igual modo, hai estados que teñen vetada a entrada de nacionais de países específicos ou de persoas que viaxasen por determinada rexión coa que existe conflito diplomático.



Menores non acompañados (MENA)

Nenos, nenas e adolescentes que viaxaron sós fóra do seu país ou que se atopan separados das súas familias e en situación de desprotección. Os desastres naturais e as guerras provocan que moitos nenos e nenas se vexan separados das súas familias. Os menores non acompañados a miúdo están indocumentados e son especialmente vulnerables á explotación, a trata e o tráfico nos países de tránsito e de destino.



© UNICEF/Frederic Sautereau

Migración

É un fenómeno polo que algunhas persoas deixan o seu lugar de residencia para establecerse noutro país ou rexión. Chámase **emigración** á saída de persoas do seu **país de orixe** e **inmigración** á entrada de persoas nun **país receptor**.

Migración facilitada:

Migración regular asistida polos gobernos mediante a axilización de trámites e eliminación de trabas. O establecemento do espazo Schengen en Europa é un exemplo de migración facilitada.

Migración forzosa:

Movemento de poboación, polo xeral a gran escala, que ten un carácter involuntario. Pode ocorrer por unha catástrofe natural, por factores climáticos, por un conflito ou porque un determinado grupo sexa expulsado das súas terras.

Migración irregular:

Movemento de persoas entre países á marxe dos procedementos establecidos polos gobernos. A migración irregular pode producirse por unha entrada non autorizada no país (voluntaria ou forzosa) ou, máis frecuentemente,

pola prolongación da estancia nun país máis aló do límite establecido no visado. Por exemplo: unha persoa que fose de vacacións ou a estudar a un país e se queda máis tempo do que marca o seu visado, estaría en situación irregular.

Migración laboral:

Movemento de persoas entre países ou rexións cun fin laboral. A migración laboral entre países está regulada pola Convención internacional sobre a protección dos dereitos de todos os traballadores migratorios e dos seus familiares.

Migración ordenada/regular:

Movemento de persoas do seu país a outro, respectando a lexislación que regula a saída do país de orixe, a posible viaxe por países de tránsito e o ingreso no país receptor.



Antônio Rocco - Os emigrantes

Migrante

Persoa que se traslada a un país ou rexión diferente do seu lugar de orixe para establecerse nel temporal ou definitivamente. Unha persoa migrante é **emigrante** para o seu país de orixe e **inmigrante** para o país receptor.

Migrante cualificado:

traballador migrante que polas súas competencias profesionais, científicas, artísticas ou deportivas recibe un tratamento preferente en canto á súa admisión nun país distinto ao seu. Este tipo de migración pode dar lugar a dous tipos de fenómenos relacionados: a fuga de cerebros nos países de orixe e a ganancia de cerebros nos países receptores. A fuga de cerebros é frecuente en países en desenvolvemento, pero tamén ocorre en países ricos. Cando sucede a gran escala, supón un problema para o desenvolvemento dalgúns países. Tamén se coñece como fuga de talentos ou migración altamente cualificada.

Migrante documentado:

migrante que ingresa regularmente nun país e permanece nel de acordo aos criterios establecidos nos seus documentos de estancia (pasaporte, visado, permiso de residencia, permiso de traballo, ...)

Migrante económico:

persoa que deixa o seu lugar de orixe para mellorar o seu nivel de vida nun país distinto ou noutra rexión.

Migrante en situación irregular:

persoa que permanece ou transita por un país sen ter os documentos que lle permiten facelo. Isto pode ocorrer:

- Porque a súa entrada no país non estea autorizada.
- Por permanecer nun país máis alá do tempo permitido.
- Por vulnerar as condicións de estancia establecidas no pasaporte ou o visado (por exemplo, traballar cun visado de estudante).

Traballador de tempada:

todo traballador migrante cuxo traballo, pola súa propia natureza, dependa de condicións estacionais e só se realice durante parte do ano. Un exemplo serían os españois que van no outono a Francia a vendimar.



CC BY 2.5 PRA



Naturalización ou nacionalización

Proceso administrativo polo que un cidadán dun Estado adquire a nacionalidade doutro país.

Normas internacionais mínimas

Os Estados están obrigados a observar unhas normas básicas sobre o tratamento de estranxeiros no seu territorio. Estas normas están establecidas polo dereito internacional e son de obrigado cumprimento. Por exemplo, un Estado violaría o dereito internacional e estas normas mínimas se incorrese en denegación de xustiza, no atraso inxustificable dun procedemento xudicial ou de acceso aos tribunais.

Non devolución (non-refoulement)

Norma internacional que impide devolver a unha persoa a un territorio no que a súa vida ou a súa liberdade corren perigo.



País de orixe

País do cal procede un migrante, solicitante de asilo ou refuxiado.

País receptor

País de destino ou terceiro país que recibe a una persoa. Tamén é o país que acepta recibir anualmente un cupo de refuxiados ou de migrantes.

País/países de tránsito

País ou países polos que viaxa unha persoa de camiño ao país receptor. Poden existir restricións á entrada, á estancia ou á saída dun país de tránsito que bloqueen ás persoas na súa viaxe. A miúdo é necesario un visado de tránsito para poder pasar por un determinado país.

Pasaporte

Documento público, persoal, individual e intransferible e expedido por cada goberno que acredita a identidade e a nacionalidade dos seus cidadáns no estranxeiro. Os pasaportes son propiedade do Estado, non dos seus titulares. Todos os cidadáns dun país teñen dereito a obter un pasaporte, salvo se hai unha causa legal ou xudicial para retirar o pasaporte a unha determinada persoa (por exemplo, alguén en espera de xuízo). Non todos os pasaportes nacionais ofrecen a mesma liberdade de movementos no mundo: algúns permiten viaxar a gran número de países sen necesidade de visado, mentres que outros só permiten viaxar a un número moi reducido de países.





OCAH (Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios)

Organismo das Nacións Unidas encargado de mobilizar e coordinar a resposta internacional a crises humanitarias provocadas por desastres ou conflitos. Desenvolve un papel importante en cuestións humanitarias como a protección e asistencia dos desprazados internos.

Organización Internacional das Migracións (OIM)

Organización intergubernamental que traballa para promover a cooperación internacional sobre cuestións migratorias, axudar a atopar solucións prácticas aos problemas migratorios e ofrecer asistencia humanitaria aos migrantes que o necesitan.



Reasentamento

É o traslado e estancia duradeira de refuxiados nun país distinto a aquel no que buscaban refuxio inicialmente. O proceso abarca desde a selección das persoas que serán reasentadas ata a súa recolocación efectiva nun campo de refuxiados ou nunha comunidade de acollida.

Remesa

Suma de diñeiro gañada ou adquirida por non nacionais, transferida ao seu país de orixe. Para moitas comunidades pobres, as remesas enviadas polos emigrantes son un ingreso importante para o seu desenvolvemento.

Refuxiado ou refuxiada

Segundo a Convención sobre o Estatuto do Refuxiado, é a persoa que con "fundados temores de ser perseguida por motivos de raza, relixión, nacionalidade, pertenza a determinado grupo social ou opinións políticas, se atope fóra do país da súa nacionalidade" e busque protección noutro país.

O refuxio e o asilo humanitario son as formas en que algúns países ofrecen protección a estas persoas, permitíndolles residir neles.



CC BY-SA 3.0 Benjamin Gimme!

Repatriación

Dereito individual dunha persoa para regresar ao seu país de orixe, nas condicións establecidas polo dereito internacional. A repatriación tamén pode denominarse **retorno voluntario**. A repatriación é unha facultade individual da persoa que quere ser repatriada e non do goberno do país onde se atopa: cando un Estado devolve a un estranxeiro ao seu país de orixe contra a súa vontade, os termos correctos son **expulsión** ou **deportación**.

Retorno e reintegración de refuxiados e desprazados

Regreso e adaptación dos migrantes forzosos ás súas comunidades de orixe. A reintegración é clave no proceso de retorno, xa que os refuxiados e desprazados volven a lugares afectados por desastres, ás veces de longa duración e poden perder as súas propiedades e os seus vínculos familiares e sociais.

Reunificación familiar

Dereito da infancia que a Convención sobre os Dereitos do Neno recoñece a todos os nenos, nenas e adolescentes que, por calquera circunstancia, vivan nun país distinto ao dos seus pais. A reunificación familiar permite ás familias cruzar as fronteiras e establecerse nun país distinto ao seu país de orixe para permanecer unidas.



© UNICEF



Solicitante de asilo

Persoa que solicita o recoñecemento da condición de refuxiado e cuxa solicitude individual aínda non foi aceptada ou rexeitada. Cando o desprazamento humano provocado por guerras ou catástrofes é tan masivo que non é posible realizar un proceso de revisión de solicitudes de asilo individuais, estas persoas reciben a consideración de **refuxiados "prima facie"**.



Trata de persoas

Negocio ilegal que consiste na captación, transporte, traslado, acollida ou recepción de persoas contra a súa vontade con fins de explotación, recorrendo á ameaza, á fraude, ao engano, ao abuso de poder ou ao uso da forza e outras formas de coacción. As persoas sometidas a trata poden ser obrigadas a cruzar as fronteiras sen documentos, de modo que non poden regresar ao seu país nin residir e traballar legalmente no país receptor. A maioría son sometidas ás formas máis graves de explotación.

Tráfico de persoas

Facilitación da entrada ilegal dunha persoa nun Estado do cal dita persoa non sexa nacional ou residente permanente. O obxectivo dos traficantes de persoas é obter un beneficio económico ou material.



Visa ou visado

Autorización que outorga un Estado a cidadáns estranxeiros, para entrar ou permanecer temporalmente e, nalgúns casos, aos seus cidadáns nacionais para saír do país. O visado é un documento que complementa o pasaporte. Os visados expídense cando non existen acordos de libre tránsito entre países para os seus cidadáns (como o que existe dentro da Unión Europea mediante o acordo Schengen, por exemplo). Existen diferentes tipos de visado, que limitan o tempo e o tipo de actividades que pode realizar unha persoa dentro dun país: de traballo, de estudos, de tránsito, de turista, de xornalista, diplomático, ... Se unha persoa superase o tempo de estancia que marca o seu visado ou incumpre as súas condicións, atoparíase en situación irregular.



CC BY-SA 3.0 Alvaro Molinas

Xenofobia

Actitude de odio, rexeitamento ou hostilidade cara aos estranxeiros. Manifestase en condutas discriminatorias e en prexuízos ou desprezo cara a persoas doutros países ou culturas. Garda relación co racismo.



Edición:
UNICEF Comité Español
www.unicef.es/educa

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sustentable e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español, estando anteriormente publicados baixo a marca Enredate e a web enredate.org. Os feitos e opinións aquí mostrados non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

UNICEF promove os dereitos e o benestar de todos os nenos e nenas en todo o que facemos. Xunto aos nosos aliados, traballamos en 190 países e territorios para transformar este compromiso en accións prácticas, centrando especialmente os nosos esforzos en chegar aos nenos máis vulnerables e excluídos para o beneficio de todos os nenos, en todas partes.



cooperación
española

Esta publicación forma parte dun proxecto financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español". O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.



Esta obra ten unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional, excepto nos contidos con noutro tipo de licenza definido.